

**Eduardo Vidal: “é un insulto aos veciños de Castro de Rei  
que o seu Alcalde deixe perder 360.000 euros da Deputación.  
Debe pensar que son calderilla”**

Para o coordinador comarcal este feito é a proba máis evidente “da desidia e da desfachatez” do Rexedor. Por este motivo, a nosa pregunta é clara e directa: actuará co mesmo desinterese cos cartos que manexa no presuposto municipal?”

Defende que o Alcalde “está castigando aos cidadáns de Quintela, Bendia, Duarría, Loentia e Riberas de Lea, pois, por causa da súa cabezonería, estes veranse obrigados a seguir unha traída de augas deficitaria”

Os socialistas critican decididamente a actitude de Balado, sobre todo, porque se trataba dun convenio, a través do que a Deputación, lle permitía aforrar cartos á entidade local. “Isto é como se che toca a lotaría, e o gañador decide que non a quere cobrar. Isto é o mundo ao revés”, conclúe Eduardo Vidal

**CASTRO DE REI, 21 DE MARZO.-** O coordinador comarcal da Terra Chá –Eduardo Vidal- subliña que, logo de que os tribunais lle desen a razón á Deputación de Lugo, obrigando ao Alcalde de Castro de Rei a devolver 360.000 euros por “un convenio que non fixo”, demostra “a nefasta e desastrosa xestión que está a levar a cabo o Partido Popular neste municipio”. Neste senso, e ante tal negligencia, o socialista destaca que “é un insulto a todos os veciños que o seu Alcalde deixe perder estes cartos públicos. Debe pensar que son calderilla...”, afirma.

Para o coordinador comarcal este feito é a proba máis evidente “da desidia e da desfachatez” do Rexedor. Por este motivo, “e logo do que fixo co convenio da Deputación, a nosa pregunta é clara e directa: actuará co mesmo desinterese cos cartos que manexa no presuposto municipal?”, indica Eduardo Vidal.

**Castigo aos cidadáns**

Deste xeito, defende que o Alcalde “está castigando aos cidadáns de Quintela, Bendia, Duarría, Loentia e Riberas de Lea, pois, por causa da súa cabezonería, estes veranse obrigados a seguir unha traída de augas deficitaria”. “Cremos que este é un servizo básico e necesario que deben garantir todos os Concellos, pero para este Rexedor semella que non é así. Queda claro que ao Sr. Balado lle interesa todo, menos que os cidadáns teñan unha auga de calidade”, afirma o socialista, quen lamentou que “sexan as persoas destas cinco parroquias as que paguen as consecuencias de tal ineficacia”.

**O mundo ao revés**

Por todo elo, os socialistas critican decididamente a actitude do Rexedor, sobre todo, porque se trataba dun convenio, a través do que a Deputación, lle permitía aforrar cartos á entidade local. “Isto é como se che toca a lotaría, e o gañador decide que non a quere cobrar. Isto é o mundo ao revés”, conclúe Eduardo Vidal.